

MANTÍCORA

Carlos Vermut, 2022

1039

ESTREA EN NUMAX: 09.12.2022 | V.O. | +16

Julián (Nacho Sánchez) é un triunfante deseñador de videoxogos que vive atormentado por un escuro segredo. Cando Diana (Zoe Stein) aparece na súa vida, Julián sentirá preto a oportunidade de ser feliz.

**Máis información
e entradas en**

«Unha obra mestra»

Luis Martínez, EL MUNDO



Entrevista con Carlos Vermut: «O protagonista está todo filme a evitar cruzar unha liña vermella e esa é a súa penitencia»

Por Javier Zurro

De onde nace a idea de *Mantícora*? Eu sempre teño varias historias. Escribo varias paralelamente, teño algunhas gardadas, retómoas, vou e veño... Esta era unha historia que me contaron, e que tiña desde hai moito tempo, sobre unha moza que empezou a saír cunha persoa porque se parecía a Justin Bieber. Logo ocorréuseme outra historia dun tipo que namoraba dun neno, e que de súpeto coñecía a unha moza que se parecía a ese neno. Pero só tiña iso, que era o segundo acto, e non tiña nin como empezaba nin como acababa. En 2019, non sei por que, ocorréuseme un principio e un final para a historia: se o tío fai videoxogos vénme moi ben porque podo unir isto co da creación e dábame un final e tamén un terceiro acto. Foi así como xurdiu.

Nos clips promocionais díxose que é unha película sobre monstros, a min pareceume que é a súa película máis humana. Si, é a historia máis humana. Supoño que isto nos pasou a moitos coa pandemia, que tivemos algo que non chamaría unha revelación, pero si que vimos algo. Tivemos un tempo para parar. Estabamos a toda velocidade e tivemos a obriga de ter que parar e reflexionar sobre moitas cousas. A min pasoume que empecei a ver cousas ao meu redor e que me interesaba facer un cinema menos artificioso. Máis sinxelo en canto a narrativa, aínda que logo teña a súa complexidade. Isto non quere dicir que a película a nivel de estrutura sexa sinxela, ou en canto a formulación de personaxes, senón que hai un achegamento aos personaxes máis aló do artefacto narrativo.

Visualmente é a máis austera das súas películas. Si. Tamén é verdade que como parte dun tema que era moi sensible, non quería que fose unha película demasiado estilizada, demasiado musical, demasiado preciosista. A maneira na que me apetecía achegarme a esta película era dunha forma máis austera. Sentínme moi cómodo porque sempre quixen facer este tipo de película. É moi parecida en canto a planificación a *Magical Girl* (2014), aínda que é máis sofisticada tecnicamente. É unha peli que non ten demasiados artificios.

Na película nunca se traspasa a liña do delito. É dicir, o protagonista é un pedófilo pero non un pederasta. Dáballo medo que non se entendese isto, pensou como debía explicalo ou deixalo claro na película ou despois na promoción? Eu creo que a xente o entende ao igual que entende que se trata dunha película. Precisamente trata sobre esa liña, esa liña vermella que divide unha cousa da outra. O protagonista toda a película está a evitar cruzar esa liña, e esa é a penitencia que leva. É alguén que loita contra unha maldición, e é esa viaxe de tensión que ao final se destila nunha secuencia enteira, pero toda a película non deixa de ser esa viaxe de alguén tentando non pasar alén.

Imaxino que nese sentido era fundamental atopar ao actor que dese vida ao protagonista. Como atopou a Nacho Sánchez, cuxa mirada é fundamental para que o espectador entre na historia? A verdade é que foi un traballo de casting moi intenso, tanto de Nacho como de Zoe Stein. Era moi importante que tivese unha mirada e algo como trágico nel. Creo que Nacho ten unha profundidade moi interesante e foi un traballo atopalo. En España non temos este perfil de mozo máis delicado, adoitan ser todos como máis macarras... ou tipos máis duros, por dicilo así. No cinema francés hai máis, pero é verdade que en España non temos un Louis Garrel que podería ser a versión francesa.